

A GAIVOTA DO GAFOS

Aterrei na túa marxe dereita mentras ías camiño da Ría. O sol, que xogaba ás agachadas, miraba de esguello para min dende a ponte da autoestrada. – Non... nada – escuseime - e só que... vivo aquí, naquela casa que se vota enriba túa. Agora está baleira, as outras gaivotas fuxiron como tolas detrás das ás douradas dun anxo. Ti andas ben, verdade? Moitas veces penso na miña sorte e preguntome polo teu segredo, porque terás un... coma todos, digo eu... Entón, quedo pasmona a mirar como trouleas entre os muxes, as cores e os espellos. Outras veces, síntote remexer coma se levaras presa... coma se non deras feito. Non sempre semellas un río, senon mais ben un mar alongado que nace ao mencer no cumio do monte e que durme, tódalas noites, no eido calmo da Ría; es un río afortunado. Eu estou ben, de verdade. Soño cada día cun muiño de auga nunha campiña chea de papoulas... é tan doado afacerse... Pois... como che ía dicindo, cando chove, saio á ventá só por verte coller a curva rindo ás gargalladas; eres un tolo e un trapalleiro! pero é que a min tampouco me gustan as cousas tan ben axeitadas, a perfección sempre me fai dubidar... a dos ríos tamén. Sei que agora ti es de cidade, coma min. Afixémonos de seguida ao barullo, á xente, aos coches, ao lixo... pero si, sei que tes toda a razón, e aínda que sempre andamos buscando sabe Deus que, nunca esquecemos o anaquiño de onde vimos. Quizais... ese é o noso segredo. Cóidate moito. Sempre. Túa. Unha vella Gaivota.

Esther Dovalo Falcón